



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

# GALICIA

## LABORAL

LOITA  
polo TEU

# ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 791 Semana do 23 ao 29 de xullo de 2018

## DECLARACIÓN DE UGT-GALICIA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DA PATRIA GALEGA

*Unha data para o recordo e a solidariedade coas vítimas de Angrois e as súas familias e unha data tamén para a reivindicación dun presente e futuro mellor para todos os galegos*

**Redacción.-** Neste 25 de xullo, Día da Patria Galega, a Comisión Executiva de UGT-Galicia quixo, en primeiro lugar, trasladarlle a toda a cidadanía galega parabéns pola celebración do seu Día.

Unha data que serviu para a celebración pero na que tamén, de seguro, houbo un espazo para a lembranza das vítimas do sinistro de Angrois, o sentir polos falecidos que permanecen na memoria de todos aínda cinco anos despois do trágico suceso, o sentir polas súas familias e tamén o sentir por todos aqueles que se salvaron pero que aínda padecen secuelas, tanto físicas como psíquicas. UGT-Galicia aproveitou esta data tamén para pedir que en todos os eidos, ben sexa no xudicial ou no político, se aclaren xa as responsabilidades deste sinistro para o que hai que investigar ata as últimas consecuencias como sucederon os feitos e por que sucedeu o que sucedeu o fatídico 24 de xullo de 2013 na curva da Grandeira en Angrois.

Unha data que tamén lles serve aos galegos para a reivindicación, para demandar un presente e un futuro mellor para Galicia e para os seus cidadáns. Porque, despois de dez trimestres consecutivos de crecemento, a percepción das familias traballadoras non é tan positiva e as propias estatísticas oficiais mostran que o crecemento da economía non se está repartindo por igual entre toda a poboación.

Se ben é certo que en Galicia a riqueza xerada recuperou os niveis previos á crise e os beneficios empresariais superaron tamén ese nivel pre crise, nin a cantidade de empregos, nin a súa calidade, nin a renda dos traballadores alcanzaron devandito nivel. Aínda que Galicia recupera o nivel de PIB de 2007, ten 140.000 empregos menos que neste ano. As remuneracións dos salarios perden peso no PIB, do 46,2% de 2008 ao 42,7% actual. De feito, 312.093 asalariados galegos declaran un salario medio inferior ou igual ao SMI. As reformas laborais, co poder outorgado ao empresario e coa creba da negociación colectiva,



tiraron á baixa o emprego e os salarios. Ao que hai que engadirle o efecto da reforma das pensións que exclúe aínda máis ao número de persoas que se soben ao carro da recuperación en Galicia.

UGT-Galicia lembra que a deterioración da calidade do emprego mediante fórmulas de flexibilidade están a facer desaparecer de xeito acelerado o concepto de emprego estable e con dereitos. A taxa de precariedade xa está nos 26,7 puntos e, de feito, no ano 2017 tan só o 7,91% de todos os contratos rexistrados tiveron o carácter de indefinidos.

Neste contexto, as traballadoras e os traballadores pobres e o número de persoas que caen baixo do limiar da pobreza e a exclusión social esténdense, consolidando a fractura social e a sociedade dual, cunha taxa de risco de pobreza ou exclusión social en Galicia do 22,6%.

A recuperación está a ser unha quimera para os galegos. A perda de emprego, 140.000 postos de traballo menos que no 2007 e con tan só 1.050.100 ocupados, aínda está lonxe de recuperarse. O paro de longa duración xa afecta a 85.600 persoas e hai 68.900 fogares con contos os membros no paro e 34.300 nos que non hai ningunha persoa perceptora de ingresos.

Ante esta situación existe unha clara falta de apoio por parte das administracións cunha taxa de cobertura baixo mínimos.

Nesta data de celebración para todos os galegos, UGT-Galicia pediu maior calidade de vida e, para iso, urxe que o Goberno galego lle de xa un cambio de rumbo ás súas políticas económicas para crear un modelo de crecemento equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade, á vez que é urxente a diminución das desigualdades.

Para iso, UGT-Galicia aposta por un plan de choque polo emprego; por un plan industrial de carácter estratéxico con instrumentos tanto sectoriais como territoriais; tamén urxe dinamizar as zonas rurais; e os servizos públicos teñen que recuperar o seu papel fundamental dentro do estado de benestar para o que habería que acometer un pacto pola educación a sanidade, a xustiza e os servizos sociais.

Para todo isto, é preciso que o Goberno galego, dentro da capacidade fiscal propia e transferida, introduza criterios de equidade e unha maior capacidade financeira cara o tecido produtivo e a cidadanía galega. É preciso un sistema tributario potente en termos de recadación no que proporcionalmente pague máis quen de máis recursos económicos dispoña.

## **URXE REVERTER A HERDANZA DA TEMPORALIDADE E PRECARIEDAD**

**Os datos de desemprego da EPA vense desdubuxados, un trimestre máis, por unha elevadísima taxa de temporalidade (26,8%) e un indicador de parcialidade involuntaria xa do 55,7%**

**Redacción.-** Os datos da EPA do segundo trimestre de 2018, publicados este xoves polo INE, reflicten 25.600 persoas empregadas máis que o primeiro trimestre (un 2,44% máis) ata acadar os 1.075.800 ocupados, así como, un descenso do desemprego (diminúe en 11.500 persoas, ata situarse o número total en 175.000 desempregados), o que deixa unha taxa de paro do 14%.

A pesar destes datos, as cifras tamén amosan que a fase de expansión económica que vive España e Galicia nítrese con emprego de baixa calidade. No mercado de traballo ascende a temporalidade segundo se xera emprego e segue enquistada a parcialidade involuntaria e outras formas de subemprego.

A herdanza do anterior Goberno, e da súa reforma laboral, está permitindo a extensión da precariedade e a desigualdade no mercado laboral: a taxa de paro entre as mulleres galegas é do 15,2%, fronte ao 12,8% dos homes; a taxa de temporalidade está de novo en valores máximos, nun 26,8%, fronte ao 22,4% que se rexistraba no segundo trimestre de 2013; e a parcialidade involuntaria xa é do 55,7%.

### **A brecha de xénero tamén chega ao desemprego e ao paro de longa duración**

Ademais, estase a producir un avance da precariedade no desemprego, cunha extensión do paro de longa duración. Hai en Galicia 93.200 persoas desempregadas que levan máis dun ano buscando emprego, deste total, 44.200 son homes e 48.900 son mulleres. Deste total, 64.200 levan máis de dous anos na procura dun emprego. De novo, a brecha cronifícase, pois 30.000 son homes e 34.100 mulleres.

A precariedade no desemprego tamén se constata con 60.600 fogares nos que todos os seus activos están no paro e 33.900 nos que xa non hai perceptores de ingresos. Valores insustibles que contrastan cos que se rexistraban no terceiro trimestre do ano 2009, 44.800 e 19.700, respectivamente. Isto reflicte políticas de emprego que non están sendo efectivas á



hora de mellorar as posibilidades de traballo das persoas desempregadas, en especial, das de longa duración, mozos e maiores de 55 anos.

### **As cifras constatan o menor dinamismo do mercado laboral galego, inmerso nunha forte caída demográfica, especialmente, da poboación activa**

Seguindo coa análise das estatísticas feitas públicas este xoves, estas constatan que a evolución das cifras de ocupación e paro son as habituais non segundo trimestre do ano. Agora ben, de xeito estrutural constátase a persistencia da diminución da poboación de 16 ou máis anos, no ano 10.400 menos. Un problema demográfico, o que tamén está a provocar un menor dinamismo do mercado laboral galego, inmerso nunha forte caída poboacional e especialmente da poboación activa.

Por sectores, a ocupación medra nos servizos, o 3,9%, e na construción, o 4,6%. Pola contra, cae a ocupación no primario e na industria, en 5.500 e 400 persoas, respectivamente.

Os máis mozos, os menores de 25 anos, soportan en Galicia unha taxa de desemprego moi por enriba da media, do 33,3%, é dicir, 33 mozos de cada cen da poboación activa menor de 25 anos en Galicia está no desemprego.

A EPA arroxa datos que non fan máis que incidir na precariedade e tem-

poralidade do mercado laboral galego. Dos 232.300 asalariados con contrato temporal, case 10.000 duran menos dun mes; pero é que 3.600 teñen unha duración dun día; 25.000 de un a tres meses; 37.600 de catro a seis meses; e 15.000 de sete a once meses.

### **UGT-Galicia advirte dos perigos que entraña este modelo de crecemento. É imprescindible un cambio nas políticas económicas e de emprego**

UGT-Galicia advirte dos perigos que entraña este modelo de crecemento, baseado na precariedade e os baixos custos. Por elo, é imprescindible un cambio nas políticas económicas e de emprego. Os Orzamentos Xerais do Estado para 2019 deben reflectir, por unha parte, o estímulo aos factores que permiten a unha economía medrar de forma sostible, en industria, innovación e coñecemento, logrando aumentos da produtividade e competitividade.

E, por outra parte, para UGT-Galicia as políticas de emprego deben enfocarse á creación de emprego de calidade e con dereitos, á mellora dos salarios da poboación, a redución do desemprego de longa duración, a través da protección das persoas e o impulso das políticas activas dende o público.

Todo elo é necesario e fundamental para encarar unha etapa de crecemento sostible e conseguir reducir os altos niveis de desigualdade e pobreza que ten o noso país.

## IMPORTANTE SEGUIMENTO DA FOLGA DOS AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS QUE TAMÉN PROTAGONIZARON UNHA MANIFESTACIÓN O XOVES EN SANTIAGO

**Redacción.-** A pesar dos servizos mínimos abusivos e cunha clara intención desmobilizadora impostos pola Xunta, FeSP-UGT valora como significativo e importante o seguimento da folga que os axentes forestais e medioambientais de Galicia protagonizaron os días 25 e 26, así como, a súa participación na manifestación convocada en Santiago o xoves.

A folga, convocada por UGT e CIG, desenvolveuse os días 25 e 26 de xullo, e terá carácter de indefinida a partir do día 1 de agosto.

O obxectivo da folga é que a Xunta dé marcha atrás na súa pretensión de impoñer un aumento do horario e empeorar as condicións laborais do colectivo.

Dende FeSP-UGT explican que se pretende acadar un acordo que permita unha redución dos excesos horarios e adecuar a xornada máxima

anual ca do resto dos empregados públicos.

Propoñen unha compensación económica acorde co carácter extraordinario dos seus horarios e un complemento específico que retribúa a penosidade, toxicidade, turnicidade e especial responsabilidade deste persoal en concordancia con outros traballadores da Xunta con características funcionais semellantes.

Tamén se demanda o recoñecemento das enfermidades profesionais e os coeficientes redutores para adiantar a idade de xubilación.

Ademais, urxe regular a segunda actividade no servizo activo e crear prazas suficientes para atender o servizo.



Preténdese demandar que se avance na equiparación dos dereitos laborais co resto do persoal funcionario en materia de flexibilidade, a conciliación persoal, laboral e familiar, as licenzas, os permisos e as vacacións.

Neste senso, a Administración galega non atende a ningunha das solucións achegadas por ambos sindicatos na búsqueda dun desbloqueo da situación, o que levou á convocatoria de folga.

## OS TRABALLADORES DE VESTAS EÓLICA (VIVEIRO) ALERTAN SOBRE UNHA POSIBLE DESLOCALIZACIÓN E DENUNCIAN QUE OS TRABALLADORES TEMPORAIS E PROCEDENTES DE ETT'S XA SUPERAN AOS INDEFINIDOS

**A precariedade na contratación está a provocar graves problemas no eido da prevención de riscos e coidado da saúde laboral**

**Redacción.-** FICA-Costa Lucense alerta sobre o futuro incerto da factoría que xa está a levar parte da produción actual de xeradores a China, unha vez que a fábrica de Chavín mellorase e incrementase a súa eficiencia.

Os traballadores da factoría da Mariña lucense advirten que os antecedentes están aí, os 44 traballadores da fábrica de Barcelona foron despedidos; en León, Villadangos del Páramo, tamén foron despedidos 200 traballadores temporais; deixando no aire o futuro do resto das factorías ante un progresivo proceso de deslocalizacións en favor de mega factorías emprazadas en países como China ou Arxentina, a pesar de aproveitarse previamente de subvencións millonarias.

Os traballadores lembran o que xa sucedeu no 2015, cando a dirección de Vestas liquidou dun golpe 28 postos de traballo na central de Chavín. E, agora, no 2018, os representantes dos traballadores observan unha conxuntura similar, ven de producirse un adianto da produción anual que estará rematada en setembro, e non a finais de ano como

inicialmente estaba previsto, o que xera unha gran incerteza entre os empregados que descoñecen os plans de traballo para os meses que restan.

Tamén amosan a súa incerteza ante o recente anuncio de peche de catro das sete liñas de produción de Vestas (León), fábrica para a que se producen a maior parte dos xeradores desde A Mariña.

O ritmo de produción imposto, ademais de abusivo, está a provocar diversos problemas en materia de coidado da saúde laboral, de feito, dende o mes de xaneiro xa van contabilizados 16 incidentes e accidentes dos cales dous, polo menos, correron a risco de acabar en morte por unha caída de materiais con peso superior á tonelada a escasa distancia dos traballadores que estaban desprotexidos.

A este malestar se lle engade a nova liña de produción que naceu este ano, integrada na súa maior parte por traballadores temporais e de ETT's, de feito, estes xa superan ao número total de traballadores indefinidos. A re-

presentación dos traballadores advirte que esta liña de produción parece verse abocada a ser o futuro da factoría, ante o progresivo abandono dos xeradores e a dúbida é que vai ser dos traballadores indefinidos e por que non se conta con eles para esta nova tarefa que xa ocupa máis do 50% da produción diaria.

Para a representación dos traballadores, este escenario pode ser a antesala dun novo ERE. Ademais disto, a nova liña, coa incorporación de traballadores alleos á factoría, está a provocar numerosos problemas de manexo de espazos e interdependencia que mesmo poñen en risco a seguridade dos traballadores. Do que, evidentemente, hai un só responsable, a dirección de Vestas Chavín.

Finalmente, a representación dos traballadores tamén denuncia que leva oito meses intentando pechar un novo convenio ante a actitude pasiva dunha dirección que parece ter máis interese en atrasar a sinatura ata pechar o escenario antes denunciado, un ERE que afectaría ao persoal indefinido.



## OS SINDICATOS DENUNCIAN A XESTIÓN LABORAL DA AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN-RÍA DE PONTEVEDRA

**Redacción.-** Os sindicatos denuncian polo mal clima laboral xerado a José Benito Suárez Costa, presidente da Autoridade portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.

As seccións sindicais da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra (CGT, CCOO, UGT, CIG e SPPLB) seguen denunciando as nefastas políticas laborais levadas a cabo por José Benito Suárez Costa, presidente da devandita Autoridade Portuaria. Tamén recalcan a deficiente xestión levada a cabo polo seu director.

Neste sentido, os sindicatos denuncian que existen cada vez máis externalizacións e privatizacións nos servizos da rada marinense.

Outra queixa das seccións sindicais é que o emprego público convócanos exclusivamente de maneira externa, anulando o dereito ao desenvolvemento á carreira profesional para o persoal laboral acollido a Convenio.

Denuncian tamén que existen promocións encubertas para o persoal directivo con subidas salariais duns 10.000 € anuais, como o último ascenso dun traballador fóra de convenio a través dunha simple valoración de méritos, tal e como pode observarse na páxina web da Autoridade Portuaria.

As seccións sindicais informan que durante as quendas de noite o persoal do servizo eléctrico é destinado, vestindo uniformidade policial, a realizar labores da Po-

licía Portuaria, véndose reducida a seguridade portuaria no contexto actual de nivel de alerta 4 de ameaza terrorista. A isto súmaselle que o persoal actual da Policía Portuaria está formada por 15 axentes, dos cales o 50% é persoal temporal con menos de dous meses de experiencia.

Os sindicatos denuncian que, igualmente, o presidente e a directiva non facilitan datos solicitados e recollidos na Lei de transparencia. Así mesmo, José Benito Suárez dispón dun vehículo oficial, sendo cada vez menor a presenza laboral que este leva a cabo no porto debido aos seus outros compromisos políticos, totalmente alleos á actividade portuaria. A pesar diso, segue percibindo preto de 80.000 € anuais.

Outros aspectos de suma importancia son que este Organismo é dos únicos, do total das 28 autoridades portuarias, nos que aínda se fai xornada partida. Ademais, a repartición do plus de especial desempeño faise en base a méritos totalmente subxectivos, arbitrarios e, do mesmo xeito que moitos outros temas que xestionan, realízase dunha maneira totalmente opaca.

Ante estas inxustizas que duran anos, tanto o presidente como o director néganse a negociar cos sindicatos e seguen mantendo un ton autoritario e afastado da realidade social, fomentando un mal ambiente laboral. Ante este clima, onde existe unha elevada taxa de baixas por enfermidade laboral, moitos traballadores solicitaron di-



ferentes licenzas sen retribución e mesmo trasladados a outros organismos próximos, como ao Porto de Vigo.

O aumento dun 50,75 % dos tráfico de mercadorías no período 2008-2017 é algo que José Benito Suárez Costa encárgase de publicitar periodicamente nos medios de comunicación, con todo, ignora a consecuente elevada carga de traballo para os empregados da Autoridade portuaria, o que non parece ser suficiente xustificación para, como mínimo, equiparar as condicións laborais do persoal coas do resto de autoridades portuarias.

Por todo iso, os sindicatos solicitan axuda e intervención ao Consello de Administración da Autoridade Portuaria, a partidos políticos, aos concellos de Marín e Pontevedra e a outras institucións como Portos do Estado ou o Ministerio de Fomento para tratar de paliar este continuo atentando e diminución nos dereitos laborais do persoal da Autoridade portuaria de Marín e Ría de Pontevedra na que os seus responsables non parecen estar pola labor.

## SOLIDARIEDADE POLOS LUMES FORESTAIS EN GRECIA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores traslada o seu afecto e solidariedade ao pobo grego ante os graves incendios que están a arrasas o seu país. O sindicato lamenta as numerosas vítimas e feridos que se rexistraron e expresa o seu apoio e recoñecemento aos traballadores e traballadoras dos servizos de emerxencia, e en especial aos bombeiros forestais que loitan por extinguilos, con esforzo, dedicación e poñendo en risco as súas vidas.

A pasada semana viamos como, inusualmente, ardían os bosque do norte de Europa. Suecia lanzaba unha chamada aos estados membros solicitando axuda ao resto de países en materia de recursos para a extinción de incendios forestais. Hoxe son os grandes incen-

dios forestais que arrasas miles de hectáreas na costa ao noroeste de Atenas e que provocaron máis de medio centenar de falecidos e case douscentos feridos (entre eles nenos e persoas de avanzada idade). España e Portugal sufrimos o pasado ano unha catástrofe similar.

### Cambio climático

Durante o 2017 multiplicáronse por tres os incendios na Unión Europea en comparación cos últimos 8 anos, segundo o Sistema Europeo de Información Sobre Incendios Forestais. Este dato tan alarmante apunta ao cambio climático como o principal responsable. Ademais, as tempadas de seca duran

máis e aumenta a frecuencia de incendios, sendo a zona máis vulnerable o Mediterráneo. Países como Portugal, España, Italia e Grecia sofren altas temperaturas acompañadas de longos períodos de seca, o que propicia estes grandes incendios.

O sindicato considera que debe avanzarse cara a unha Estratexia europea de prevención de incendios forestais, baseada na coordinación entre estados e dotada de recursos humanos e económicos porque non se pode permanecer impasible ante a perda de vidas humanas e de recursos naturais. Estamos a sufrir as consecuencias do cambio climático, polo que se deben tomar medidas para evitar as súas nefastas consecuencias sobre o medio ambiente.

## EXTRABALLADORES DA FÁBRICA DE ARMAS REÚNENSE CO DELEGADO DO GOBERNO

**Redacción.-** Este xoves os representantes dos extraballadores da Fábrica de Armas da Coruña reuníronse co delegado do Goberno.

En representación dos extraballadores, Roberto Teijido (FICA), explicou que a Delegación do Goberno avaliou os avances rexistrados respecto ao proceso de recuperación da factoría por parte do Ministerio de Defensa. Reiterándolles o compromiso de buscar unha solución á actual situación.

Ao respecto, Teijido cualificou o encontro

como positivo, aínda que matizou que haberá que agardar aos feitos.

Todos coincidiron en que as formas coas que Hércules de Armamento se fixo coa adjudicación non foron as máis correctas, o que obriga a que os servizos xurídicos do actual Ministerio de Defensa estén a traballar no tema. Neste senso, Teijido lamentou o silencio por parte tanto de Facenda como da Fiscalía Xeral do Estado sobre este tema co anterior Goberno ante as denuncias presentadas por parte do entón comité de empresa.

## Os traballadores de seguridade dos aeroportos de Santiago e A Coruña respaldan a candidatura de UGT

**Redacción.-** UGT ven de gañar as eleccións sindicais entre os traballadores de seguridade dos aeroportos de Santiago e A Coruña obtendo 36 votos. Pola súa banda, USTG e CCOO obtiveron 13, a CIG 11 e USO oito votos.

FeSMC agradece o respaldo dos traballadores á labor desenvolvida por UGT e de cara aos proxectos de futuro.

## INÍCIANSE AS MESAS DE DIÁLOGO SOCIAL TRIPARTITO

*Pepe Álvarez reclama que as boas intencións do Goberno se traduzan no BOE*



**Redacción.-** Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, e os presidentes de CEOE e CEPYME, Juan Rosell e Antonio Garamendi, reuníronse este xoves coa ministra de Traballo, Magdalena Valerio, como pistoletazo de saída das mesas de diálogo social co novo Goberno.

Unha reunión “positiva”, como sinalou Álvarez, pero que, en calquera caso, terase que valorar “cando as mesas empezan a traballar e vexamos o resultado das mesmas. Hai boas intencións, comúns tamén ás organizacións empresariais e hai que poñernos en marcha para que estas intencións pasen ao Boletín Oficial do Estado e traduzanse na mellora de vida das traballadoras e traballadores do noso país”.

Pepe Álvarez afirmou que “é imprescindible ordenar o Diálogo Social en relación aos temas prioritarios, algúns máis a curto prazo, que para os sindicatos pasan pola mellora da calidade do emprego e por medidas que non poden esperar a un novo Estatuto dos Traballadores”.

Neste sentido, considerou que “hai cuestións que hai que acordar e poñer en marcha canto antes, como a creación de emprego digno, o impulso ás políticas activas de emprego e a mellora e extensión dos subsidios por desemprego. Nesta xuntanza viuse que a cobertura aos desempregados continúa en niveis precarios e hai case 1,1 millóns de familias que teñen todos os seus membros en desemprego. Por tanto, as políticas de emprego serán unha das cuestións prioritarias nas negociacións coa ministra”.

### Seguridade Social, Saúde laboral e loita contra a fraude

Na reunión, tamén se falou da Seguridade Social “e o Pacto de Toledo no ámbito social e constatamos que hai unha mesa específica que vai tratar este tema”.

Tamén se van a tratar nas mesas a saúde e seguridade no traballo. “Situamos o tema do absentismo. Queremos que se cre un Observatorio do absentismo que poida visualizar as razóns

polas cales hai absentismo no noso país e poder adoptar medidas para loitar contra o absentismo inxustifico”, manifestou.

Ademais, a reunión constatou “a necesidade de loita contra a fraude e contra a economía mergullada”, sinalou, “non só desde a vertente de traballo, senón a nivel xeral. A creación deste grupo de traballo, que estará presente non só no Ministerio de Traballo, senón no resto de ministerios afectados, pode ser un mecanismo efectivo que traballe polo aumento da recadación na Seguridade Social, por acabar coa situación de precariedade e por mellorar a recadación fiscal no noso país”.

A ministra de Traballo anunciou a creación de cinco mesas de diálogo social: Emprego e Relacións Laborais; Prevención de Riscos Laborais; Formación e Cualificación profesional; a de Seguridade Social, pensións; Igualdade; a de loita contra a economía mergullada, fraude fiscal e fraude á Seguridade Social; e un grupo de traballo sobre o Estatuto dos Traballadores.

## EMPREGADOS PÚBLICOS, MÁIS EMPREGO E MELLOR PROTECCIÓN SOCIAL

**Redacción.-** Co Acordo subscrito este luns por UGT co Goberno socialista xesou unha inxustiza que durou máis de seis anos. Durante estes seis anos as empregadas e empregados públicos da Administración Xeral do Estado tiveron que elixir entre ir traballar enfermos ou ver minguadas as súas nóminas a final de mes.

As modificacións normativas efectuadas en 2012 para a inclusión de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria polo Goberno do Partido Popular modificou temporalmente o réxime retributivo do persoal incluído nos distintos réximes de Seguridade Social durante a situación de Incapacidade Temporal.

UGT reclamou insistentemente durante todos estes anos que se complementen as retribucións en caso de incapacidade temporal, xa que existe un agravio con respecto ás comunidades autónomas e grandes empresas.

O Sector AXE reiterou mediante varios escritos remitidos á Secretaría de Estado de Función Pública a súa reclamación sobre a recuperación do dereito a que se complemente a totalidade da prestación económica en caso de incapacidade tem-

poral ata a totalidade das retribucións das empregadas e empregados públicos destinados na Administración Xeral do Estado (suprimido polo RD 20/2012).

Nos devanditos escritos denunciabamos a discriminación que sufrían as e os empregados públicos da AXE con respecto aos doutras administracións como a Administración de Xustiza ou cos de comunidades autónomas como Andalucía, Aragón, Asturias, Murcia, Illas Baleares, País Valenciano, Extremadura, Madrid, Castela e León, Canarias, Cataluña, etc

O agravio non quedaba aí, xa que grandes empresas de sectores tan variados como Telefónica, Repsol, Mapfre, Enagás, Endesa, Banco de Santander, AENA, Día ou Gamesa complementan as prestacións de Seguridade Social desde o primeiro día en situación de Incapacidade Temporal, ata alcanzar o 100% das retribucións dos seus traballadores.

A mellora da situación económica e orzamentaria, así como o recoñecemento da achega que supuxo o traballo dos empregados e empregadas ao servizo das administracións públicas para esa mellora, conduciron á firma o pa-

sado 9 de marzo de 2018 do II Acordo entre o Goberno e os sindicatos CCOO, UGT e CSIF para a mellora do emprego público e condicións de traballo. Entre outras cuestións, no mesmo acórdanse medidas en materia de incapacidade temporal, que se viron reflectidas na Disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

Nesta disposición establece que cada Administración Pública poderá determinar, previa negociación colectiva, as retribucións para percibir polo persoal ao seu servizo ou ao dos organismos autónomos e entidades dependentes, en situación de incapacidade temporal e no caso do persoal funcionario ao que se lle teña expedida licenza por enfermidade e determinanse as regras do complemento retributivo que pode chegar ata un máximo do cento por cento das súas retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal, tal e como se establecía na regulación anterior. No caso da Administración Xeral do Estado, esta regulación aprobarase por decreto do Consello de Ministros.

## CORRIXIR UNHA INXUSTIZA PARA OS MAIORES DE 55 ANOS

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores, a través do Grupo de Estudos “Pensións Públicas suficientes, Seguridade Social universal e Democracia sustantiva” da Fundación Longo Caballero, realizou unha análise xurídica da sentenza do Tribunal Constitucional que reflicte a inconstitucionalidade dalgunhas disposicións do RDL 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.

Neste sentido, o sindicato considera que a sentenza supón un palo ao recoñecer que o Goberno non fundamentou varios aspectos desta reforma e repróchalle que carecía de razóns adecuadas para realizala a través da vía técnica autoritaria do Real Decreto Lei, facendo del un uso desmedido.

Ademais, o Alto Tribunal céntrase nunha das medidas máis importantes deste decreto, como é o subsidio de desemprego para maiores de 55 anos, pola relevancia que ten o que se declare a inconstitucionalidade da regra legal que obrigaba a un cómputo das rendas familiares para deter-

minar (ou impedir en realidade) o acceso ao subsidio.

Para o sindicato, a nulidade da norma levará á reposición do dereito nas condicións precedentes (que se computen, á hora de optar ao subsidio, só os ingresos do solicitante, non os da unidade familiar). Pero, ademais, UGT considera imprescindible que o Goberno negocie medidas para compensar de maneira inmediata aos prexudicados que se quedaron polo camiño, todos os maiores de 55 anos que viron aplicada esta restrición. Neste sentido reclama negociar medidas para reparar o dano que se causou desde 2012 tanto en pensións como en subsidios aos maiores de 52 anos.

Por iso, esixe unha reforma integral e un reforzamento do conxunto das prestacións, que supoña unha notable mellora



protectora dun colectivo social moi vulnerable, que o que necesita non son reformas restritivas, senón garantías.

Ademais, reclama a derogación da reforma do RD 20/2012, do 13 de xullo, do Goberno do PP, para que volva situarse a idade de percepción do subsidio de maiores en 52 anos e non en 55; subir ao 125% do SMI a cotización á Seguridade Social, tal e como era antes da reforma do PP, para que a pensión non se vexa recortada polo período en desemprego preto á xubilación; e eliminar a xubilación forzosa aos 61 anos para os desempregados que cobran este subsidio e que limita aínda máis a súa pensión.



# OBXECTIVO: ESTENDER O SALARIO MÍNIMO DE CONVENIO DE 1.000€

*Esta subida vai aumentar a cohesión territorial e a riqueza das rexións máis pobres*

**E**n sete comunidades autónomas (Andalucía, Región de Murcia, Canarias, Extremadura, Galicia, Comunidade Valenciana e Castela-A Mancha) existe unha sobrerrepresentación de persoas asalariadas con soldos inferiores a 1.000 euros.

**A** diferenza entre a Comunidade co salario máis alto (País Vasco) e a que ten o salario máis baixo (Canarias) é de case 650 euros.

**Redacción.-** O aumento dos soldos ata os 1.000 euros en 14 pagas, como mínimo, por convenio, asinado polos interlocutores sociais no IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) vai ter un dobre efecto positivo no noso país: por unha banda, vai reducir as diferenzas de capacidade de compra e de calidade de vida entre a poboación de diferentes zonas, aumentando a cohesión territorial; e por outro, vai servir para impulsar o crecemento naquelas comunidades con tecido industrial máis fráxil e con menores niveis redistributivos, ao axudar ao mantemento do consumo das familias.

Segundo un informe de UGT, a partir do decil de salarios do emprego principal en España de 2016, existe unha sobrerrepresentación do número de traballadores e traballadoras con soldos inferiores a 1.000 euros. Isto ocorre en sete comunidades autónomas (CCAA): Andalucía, Región de Murcia, Canarias, Extremadura, Galicia, Comunidade Valenciana e Castela-A Mancha. Rexións cunha maior porcentaxe de traballadores con salarios inferiores a 1.000 euros do que se derivaría polo seu peso sobre o total de persoas empregadas no país.

Desta forma, tomando os traballadores totais a xornada completa, Andalucía ocupa ao 14,9% dos mesmos sobre o total do Estado, pero integra ao 20,8% do total de empregados con soldos inferiores a 1.000 euros brutos. É dicir, que posúe unha sobreponderación de case 6 puntos porcentuais en materia de salarios baixos. É a Comunidade con maior diferenza.

No outro lado da clasificación, Madrid e Cataluña son as CCAA máis infrarrepresentadas no total de traballadores e traballadoras con soldos baixos, tendo en conta o seu peso sobre o total de emprego (-3,6 puntos ambas).



## Grandes desigualdades salariais por comunidades

En relación cos empregados a xornada completa que perciben menos de 1.000 euros, o informe sinala que os territorios menos favorecidos volven ser estes mesmos sete, pero a Región de Murcia sitúase na cabeza ao ter o 31,9% de persoas por baixo dese soldo, seguida de Extremadura (27,2%), Canarias (26,7%), Andalucía (25,8%), Galicia (20,5%), Castela-A Mancha (19,3%) e Comunidade Valenciana (19,3%). No extremo oposto, País Vasco (8,8%), Navarra (10%) e Baleares (13,7%), son as que teñen unha mellor situación neste aspecto.

Unha gran desigualdade no soldo real dos traballadores e traballadoras deste país, apreciándose unha diferenza notable de case 650 euros entre o salario da Comunidade que o ten máis elevado (País Vasco, 2.182,18 euros) e a que o ten máis baixo (Canarias, 1.538,56 euros).

Para UGT, o aumento do salario de convenio a 1.000 euros en 2020 terá un maior efecto positivo relativo sobre as comunidades que posúen menores niveis salariais. Neste sentido, reducirá as desigualdades interterritoriais, xa que os beneficiarios principais atópanse, en maior medida, naquelas CCAA que posúen menor renda per cápita, aumentando os seus salarios proporcionalmente máis.

Estas diferenzas salariais son reflexo, na súa maioría, da diferente estrutura produtiva en cada territorio, debido a que, en último termo, os salarios dependen das produtividades das empresas e da súa capacidade para xerar valor engadido, que á súa vez están directamente relacionadas co grao de cualificación das traballadoras e traballadores.

Pero, no noso país, está a producirse un efecto que alimenta a permanencia desas diferenzas, na medida que as CCAA menos ricas, que posúen salarios máis baixos, teñen menor capacidade global de consumo e, por tanto, achega menos ao crecemento do seu PIB. Ademais, debido a que nesas CCAA o investimento empresarial adoita ser tamén máis reducido, o resultado é que dependen en maior medida que outras do impulso externo do investimento público, que nos tempos actuais atópase en permanente vixilancia polo seu impacto sobre o déficit público.

Por iso, a subida dos salarios a 1.000 euros acordada no IV AENC faise indispensable para os traballadores e traballadoras deste país, co fin de reducir os niveis de pobreza e exclusión social dos cidadáns e cidadás e as graves desigualdades entre as comunidades autónomas que se producen na actualidade, imprescindible para aumentar o consumo e a demanda interna.

# ALIANZAS PARA UNHA EUROPA SOCIAL

## A CES apoia a creación dunha autoridade laboral europea contra os abusos

**Redacción.-** "Puidemos compartir co presidente do Goberno español unha idea progresista de Europa", manifestou o secretario xeral da CES, Luca Visentini, que acompañado pola ministra de Traballo e Migracións, Magdalena Valerio, e polos secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, mantiveron esta semana un encontro na Moncloa con Pedro Sánchez.

Visentini cualificou o encontro de positivo e cheo de contido; valorou o cambio na narrativa do Goberno en canto á política migratoria, "mensaxe que vai na dirección correcta", aínda que comparte co presidente do Goberno que "non é suficiente con cambiar a narrativa: son necesarias accións políticas dos gobernos en colaboración cos interlocutores sociais", explicou.

Visentini destacou tres temas sobre os que o Goberno español mostrouse receptivo:

Unha alianza para mellorar os acordos comerciais xa asinados con Canadá (CETA), con Xapón (JEFTA) e o que se pode asinar co Mercosur. "Os acordos comerciais que se asinan agora adoecen de cláusulas de protección social. Teñen que incluír cláusulas sociais e ambientais para protexer a consumidores, traballadores e cidadanía", manifestou, "e teñen que estar en liña coa axenda 2030, lanzada pola ONU cos Obxectivos de Desenvolve-

mento Sustentable (ODS). O Goberno anunciounos que puxeron en marcha medidas para cumprir con estes obxectivos".

Unha alianza para aumentar os salarios en toda a UE, en liña coa campaña da CES. "O Goberno xa está a traballar coas organizacións sindicais españolas nesta materia. Agora necesitamos unha política común de converxencia cara arriba que acabe co dumping social e laboral que existe entre o norte e o sur, o leste e o oeste da UE", destacou.

Unha alianza para implementar o Alicerce Social Europeo de Dereitos Sociais e, neste sentido, "hai varias medidas legislativas que están preparadas nesta materia e que deberían aprobarse antes das próximas eleccións europeas". A conciliación entre vida laboral e persoal e o tempo de traballo; introducir máis aspectos de xénero para lograr un equilibrio; un chan mínimo de protección de dereitos laborais que deberían cubrir a determinados colectivos como as e os traballadores precarios, traballadores e traballadoras atípicos e autónomos; a prevención do dumping salarial e social ou da fraude, e para iso é necesario que se revise a lexislación europea e a creación dunha Autoridade Laboral Europea que loite contra os abusos.

### Conflicto de Ryanair



"Estamos ante un caso práctico sobre algo que a CES e os sindicatos españois reclamamos, que é un marco de relacións laborais que sexa aplicable a todas as empresas da Unión Europea", manifestou Pepe Álvarez a preguntas dos xornalistas. Habería que buscar -engadiu- unha autoridade que faga cumprir a Ryanair a lexislación porque os tribunais europeos xa dixeron que se ten que aplicar a lexislación no territorio onde desenvolve a súa actividade e, por tanto, ten que cumprir a lexislación española.

Pola súa banda, o secretario xeral da CES anunciou que a Confederación Europea vai prestar protección legal ás traballadoras e traballadores de Ryanair despedidas por este conflito e vai pedir a intervención da Comisión Europea para garantir os dereitos laborais na empresa, do mesmo xeito que actuou con outras empresas por asuntos fiscais.

# O INSST, MÁIS QUE UN CAMBIO DE DENOMINACIÓN

## UGT valora o novo cambio de nome do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores valora o cambio de nome do Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo (INSSBT), modificado hai un ano polo Goberno do PP tras unha reforma da estrutura básica do Ministerio de Emprego, polo de Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST). Para o sindicato, esta denominación centra e devolve a este instituto o seu papel como órgano esencial na análise das condicións laborais e a promoción e apoio á mellora das mesmas.

UGT viña denunciando que era innecesario e fóra de lugar o anterior cambio, que supoñía, por unha banda, unha excepción na contorna europea e internacional en materia de prevención de riscos laborais e, por outro, contribuía a confundir condicións laborais con vida saudable e

saúde laboral con saúde pública.

Ante esta realidade, UGT esixía que o benestar no traballo se traduce en mellores condicións laborais e menores riscos para a seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras.

Desde entón, o sindicato constatou como a labor dun órgano tan importante como este quedaba bastante reducida a promover as empresas saudables, algo que nun contexto de aumento incesante da sinistralidade laboral era incomprensible e inaceptable.

Por iso, UGT celebra o cambio e espera que esta nova modificación, ademais do nome, leve aparelado, como parece, un



cambio nas políticas que permitan impulsar a mellora das condicións de traballo e loitar con forza contra a secuela da sinistralidade laboral, que o ano pasado custou a vida de 618 persoas traballadoras, e axude a que afloren e sexan visibles as miles de enfermidades relacionadas co traballo.